



Área / Unidad OFICIALIA MAYOR OF0000 S.L.	Documento 10117I00IT	
Código de verificación  4808 371P 4W4I 3Z5E 1CRJ	Expediente 101/2023/7	
	Fecha 31-01-2023	

Asunto

Acta Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 30 de xaneiro de 2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **trinta de xaneiro de dous mil vinte e tres**. Baixo a Presidencia da **alcaldesa, dona Inés Rey García**, e a asistencia do **tenente de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez**, así como dos **concelleiros e concelleira don José Manuel Lage Tuñas, dona Diana María Sobral Cabanas e don Francisco Dinís Díaz Gallego**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión **extraordinaria e urxente** en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, dona María Esther Álvarez Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira-secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Martín González Rodríguez, interventor xeral municipal accidental, don Gonzalo Henrique Castro Prado, coordinador xeral municipal, e dona María José Macías Mourelle en representación da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

Asiste tamén os concelleiros da oposición don Roberto Rodríguez Martínez (PP), don Iago Martínez Durán (MA) e don Francisco

SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA TREINTA DE ENERO DE DOS MIL VEINTITRÉS

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **treinta de enero de dos mil veintitrés**. Bajo la Presidencia de la **alcaldesa, doña Inés Rey García**, e a asistencia del **teniente de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez**, así como de los **concejales y concejales don José Manuel Lage Tuñas, doña Diana María Sobral Cabanas y don Francisco Dinís Díaz Gallego**, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión **extraordinaria y urgente** en primera convocatoria.*

Asisten, asimismo, doña María Esther Álvarez Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo a la concejala-secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Martín González Rodríguez, interventor general municipal accidental, don Gonzalo Henrique Castro Prado, coordinador general municipal, y doña María José Macías Mourelle en representación de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.

Asiste también los concejales de la oposición don Roberto Rodríguez Martínez (PP), don Iago Martínez Durán (MA) y don



Xesús Jorquera Caselas (BNG).

Desculpan a súa ausencia as tenentas e tenentes de alcaldesa **dona Eudoxia María Neira Fernández, dona María Esther Dolores Fontán Prado e don Jesús Javier Celemín Santos.**

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, doña Diana María Sobral Cabanas.**

Ás once horas e trinta minutos a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

DECLARACIÓN DE URXENCIA

30.- Ratificación da urxencia da sesión

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106. a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Mobilidade e Accesibilidade

31.- Expte. 512/2022/4187

Redución do 50% da tarifa do transporte colectivo urbano pagada coa tarxeta “Millennium” prevista no Real decreto-lei 20/2022 e Orde ministerial de 20 de

Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

*Desculpan su ausencia las tenientas y tenientes de alcaldesa **doña Eudoxia María Neira Fernández, doña María Esther Dolores Fontán Prado e don Jesús Javier Celemín Santos.***

*Da fe del acto la **concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, doña Diana María Sobral Cabanas.***

Siendo las once horas y treinta minutos la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

DECLARACIÓN DE URGENCIA

30.- Ratificación de la urgencia de la sesión

Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:

Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106. a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.

URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD

Movilidad y Accesibilidad

31.- Expte. 512/2022/4187

Reducción del 50% de la tarifa del transporte colectivo urbano pagada con la tarjeta “Millennium” prevista en el Real Decreto-lei 20/2022 y Orden ministerial de



**xaneiro do 2023. Implantación e
habilitación do sistema de compensación.**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–propuesta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Implantar unha redución do prezo da tarifa vixente, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 28 de decembro de 2018, vixente desde o 1 de febreiro de 2019, e ratificada mediante acordo do devandito órgano municipal na súa sesión de data 30 de decembro de 2022, abonada mediante a tarxeta moedeiro “Millennium” do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, excluída a viaxe de ida e volta, na porcentaxe do 50% sobre o prezo habitual, con vixencia desde o 1 de xaneiro de 2023 e ata o 30 de xuño de 2023, nos termos establecidos no Real Decreto-lei 20/2022, do 27 de decembro de 2022, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade, e no artigo 3 da Orde Ministerial de data 20 de xaneiro de 2023 sobre as axudas directas ao transporte de viaxeiros do citado Real Decreto-lei 20/2022, resultando as seguintes tarifas aplicables:

**20 de enero del 2023. Implantación y
habilitación del sistema de compensación.**

Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Implantar una reducción del precio de la tarifa vigente, aprobada mediante acuerdo de la Junta de Gobierno Local en su sesión de fecha 28 de diciembre de 2018, vigente desde el 1 de febrero de 2019, y ratificada mediante acuerdo dicho órgano municipal en su sesión de fecha 30 de diciembre de 2022, abonada mediante la tarjeta monedero “Millennium” del servicio de transporte colectivo urbano de viajeros, excluido el viaje de ida y vuelta, en el porcentaje del 50% sobre el precio habitual, con vigencia desde el 1 de enero de 2023 y hasta el 30 de junio de 2023, en los términos establecidos en el Real Decreto ley 20/2022, de 27 de diciembre de 2022, de medidas de respuesta a las consecuencias económicas y sociales de la Guerra de Ucrania y de apoyo a la reconstrucción de la isla de La Palma y a otras situaciones de vulnerabilidad, y en el art. 3 de la Orden Ministerial de fecha 20 de enero de 2023 sobre las ayudas directas al transporte de viajeros del citado Real Decreto-ley 20/2022, resultando las siguientes tarifas aplicables:



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

TARIFAS BUS URBANO REDUCCIÓN REAL DECRETO-LEI 20/2022 TARIFAS BUS URBANO REDUCCIÓN REAL DECRETO-LEY 20/2022						
TIPO TARIFA TIPO TARIFA	IMPORTE CONCELLO (non suxeito a IVE) IMPORTE AYUNTAMIENTO (no suxeito a IVA)	IMPORTE SUBV. ESTATAL 30% (non suxeito a IVE) IMPORTE SUBV. ESTATAL 30% (no suxeito a IVA)	IMPORTE SUBV. 20% (non suxeito a IVE) IMPORTE SUBV. 20% (no suxeito a IVA)	IMPORTE REDUCIDO USUARIO IMPORTE REDUCIDO USUARIO		
				Base imponible Base imponible	IVE IVA	Total Total
XERAL* GENERAL*						
	0,49545455	0,20454545	0,13636364	0,34545455	0,03454545	0,38
SOCIAL** SOCIAL**						
	0,96818183	0,06272727	0,041818182	0,10909091	0,01090909	0,12
UNIVERSITARIA: UNIVERSITARIA:						
a) Tarifa reducida** a) Tarifa reducida**						
	0,90909092	0,08181818	0,054545454	0,13636364	0,01363636	0,15
b) Tarifa xeral* b) Tarifa general*						
	0,49545455	0,20454545	0,136363636	0,34545455	0,03454545	0,38
MENORES 13 AÑOS MENORES 13 ANOS	1,18181819					

* Billete gratuito a partir de 44 viaxes mensuais

* Billete gratuito a partir de 44 viajes mensuales

** Billete gratuito a partir de 70 viaxes mensuais

** Billete gratuito a partir de 70 viajes mensuales

Segundo.- Dispoñer o financiamento con cargo á aplicación orzamentaria 30.4411.48912 do Orzamento municipal de 2023 (na actualidade Orzamento de 2022 prorrogado) da contía necesaria correspondente ao 20% da redución implantada, excluído o billete de ida e volta, unha vez aplicada a axuda estatal, para os efectos de cumprir co cofinanciamento da medida, de conformidade co disposto nos artigos 44.2 e 47 do citado Real Decreto-lei 20/2022.

Terceiro. Comunicar estes acordos á entidade concesionaria do servizo de transporte colectivo urbano da implantación da redución acordada e a aplicación das tarifas a partir do 1 de febreiro de 2023 con efectos desde o 01.01.2023 e ata o 30.06.2023, cando se empregue como medio de pago a tarxeta moedeiro “Millennium”.

Segundo.- Disponer la financiación con cargo a la aplicación presupuestaria 30.4411.48912 del Presupuesto municipal de 2023 (en la actualidad Presupuesto de 2022 prorrogado) de la cuantía necesaria correspondiente al 20% de la reducción implantada, excluido el billete de ida y vuelta, una vez aplicada la ayuda estatal, a los efectos de cumplir con la cofinanciación de la medida, de conformidad con lo dispuesto en los arts. 44.2 y 47 del citado Real Decreto-ley 20/2022.

Tercero. Comunicar estos acuerdos a la entidad concesionaria del servicio de transporte colectivo urbano la implantación de la reducción acordada y la aplicación de las tarifas a partir del 1 de febrero de 2023 con efectos desde el 01.01.2023 y hasta el 30.06.2023, cuando se emplee como medio de pago la tarjeta monedero “Millennium”.



Cuarto.- Habilitar un procedemento de compensación ás persoas que realizaron viaxes abonadas coa tarxeta moedeiro Millennium durante o período do réxime transitorio establecido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2022, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2023, durante o cal a tarifa de transporte colectivo urbano abonada coa tarxeta moedeiro “Millennium” aplicou o desconto do 30% resultante do acordo da Xunta de Goberno Local de 25.08.2022, en vigor desde o 01.09.2022, en virtude da Real Decreto-lei 11/2022, realizándose a dita compensación mediante recargas de saldo polo importe correspondente á diferenza do 20% entre a tarifa pagada e a tarifa coa redución do 50% aprobada con efectos desde o 01.01.2023 na súa tarxeta Millennium que serán realizadas no prazo máis breve posible, todo iso conforme ao disposto no artigo 44.1 do Real Decreto-lei 20/2022.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás once horas e trinta e cinco minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cuarto.- Habilitar un procedimientu de compensación a las personas que realizaron viajes abonados con la tarjeta monedero Millennium durante el período del régimen transitorio establecido por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 30 de diciembre de 2022, comprendido entre el 1 de enero de 2023 y el 31 de enero de 2023, durante el cual la tarifa de transporte colectivo urbano abonada con la tarjeta monedero “Millennium” aplicó el descuento del 30% resultante del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 25.08.2022, en vigor desde el 01.09.2022, en virtud del Real Decreto-ley 11/2022, realizándose dicha compensación mediante recargas de saldo por el importe correspondiente a la diferencia del 20% entre la tarifa pagada y la tarifa con la reducción del 50% aprobada con efectos desde el 01.01.2023 en su tarjeta Millennium que serán realizadas en el plazo más breve posible, todo ello conforme a lo dispuesto en el art. 44.1 del Real Decreto-ley 20/2022.

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las once horas y treinta y cinco minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y el concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.

A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local
La concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local

Diana María Sobral Cabanas